

MONICA MURA

E TI QUE (DE QUEN) VÉS SENDO

Identidades, Memorias e Xéneros

IGREXA DA COMPAÑÍA (USC)

4 / 31 outubro 2018

A exposición **E TI QUE (DE QUEN) VÉS SENDO?** nace da necesidade de abrir un diálogo coa cidadanía para poñer o foco de atención sobre as cuestións de xéneros, memorias e identidades.

Monica Mura (Cagliari, 1979) convida aos visitantes a emprender unha pequena viaxe a través da súa obra.

Artista interdisciplinar e *performer*, desde hai anos explora a vida e a arte a través da perspectiva de xénero. Despois de dedicar os últimos anos reflexionando sobre a muller, sente a necesidade de dar un paso máis aló para abrir o seu discurso incluíndo novas visións. Este achegamento natural na súa evolución, vén da intención de dar voz a persoas que pola súa situación comparten moitas das problemáticas tratadas antes coas mulleres cisxénero: a muller trans* e, por extensión, o colectivo LGTBIQ.

O percorrido principal contesta as preguntas do título “E ti que (de quen) vés sendo?” rebotándoa ao público para que sexa protagonista. A través do uso do símbolo e da metáfora, o visitante deixa de ser espectador para ser parte integrante da exposición. O vermello (paixón e sangue) e o dourado (resiliencia), o uso do espello e dos marcos baleiros, luces, sombras e reflexos serán algúns dos *leitmotives* que xogarán con obras visuais e sonoras para estimular os sentidos e buscar a reflexión constante a través do xogo.

A artista propón distintas *performances* delegadas presenciais ou a distancia: “**VERBAS VERMELLAS VERBAS DOURADAS**” sobre o peso da linguaxe para crear unha sociedade inclusiva non sexista, “**QUEBRACABEZAS**” e “**DEPENDE**” unhas instalacións que exploran e posibilitan distintas combinacións do corpo, “**TRANS***” un espazo visual e sonoro de libre expresión e autodefinición,




La exposición **¿Y TÚ QUÉ (DE QUIÉN) ERES?** nace de la necesidad de abrir un diálogo con la ciudadanía para poner el foco de atención sobre las cuestiones de géneros, memorias e identidades.

Monica Mura (Cagliari, 1979) invita a los visitantes a emprender un pequeño viaje a través de su obra.

Artista interdisciplinar y *performer*, desde hace años explora la vida y el arte a través de la perspectiva de género. Después de dedicar los últimos años reflexionando sobre la mujer, siente la necesidad de dar un paso más allá para abrir su discurso incluyendo nuevas visiones. Este acercamiento natural en su evolución nace de la intención de dar voz a personas que por su situación comparten muchas de las problemáticas tratadas antes con las mujeres cisgénero: la mujer trans* y, por extensión, el colectivo LGTBIQ.

El recorrido principal contesta a las preguntas del título “¿E tú qué (de quién) eres?” rebotándolas al público para que sea protagonista. A través del uso del símbolo y de la metáfora, el visitante deja de ser espectador para ser parte integrante de la exposición. El rojo (pasión y sangre) y el dorado (resiliencia), el uso del espejo y de los marcos vacíos, luces, sombras y reflejos serán algunos de los *leitmotives* que jugarán con obras visuales y sonoras para estimular los sentidos y buscar la reflexión constante a través del juego.

La artista propone distintas *performances* delegadas presenciales o a distancia: “**PALABRAS ROJAS PALABRAS DORADAS**” sobre el peso del lenguaje para crear una sociedad inclusiva no sexista, “**ROMPECABEZAS**” y “**DEPENDE**” unas instalaciones que exploran y posibilitan distintas combinaciones del cuerpo, “**TRANS***” un espacio visual y sonoro de libre expresión y autoafirmación,



QUEBRACABEZAS. Tríptico, instalación interactiva con pvc magnético e espello. 2018. Medidas: 150 x 70 cm c/u. // ROMPECABEZAS. Tríptico, instalación interactiva con pvc magnético y espejo. 2018. Medidas: 150 x 70 cm c/u.

e “DES-XE(N)ERAR RE-XE(N)ERAR” unha acción ideada sobre moda e xéneros. Na exposición os visitantes poderán tocar as obras e interactuar directamente con elas modificándoas e construíndo un discurso propio.

A peza “PEZ(OFF) PEZ(ON)”, é unha resposta á censura da *papilla mammaria* da muller que se desenvolverá tamén como acción colectiva a través do uso das redes sociais.

As obras “ELAS CONTAN” e “ISSAS CONTANT” recollen os testemuños de seis mulleres galegas e cinco mulleres de Sardeña, lugar de nacemento da artista. Heroínas anónimas que poden ser nosas avoas, nais, irmás. Falannos de arte, cultura, migración, tradicións, roles, mitos e crenzas.

y “DES-GE(N)ERAR RE-GE(N)ERAR” una acción planteada sobre moda y géneros. En la exposición los visitantes podrán tocar las obras y interactuar directamente con ellas, modificándolas y construyendo un discurso propio.

La pieza “PEZ(OFF) PEZ(ON)”, es una respuesta a la censura de la *papilla mammaria* de la mujer que se desenvolverá también como acción colectiva a través del uso de las redes sociales.

Las obras “ELLAS CUENTAN” recogen los testimonios de seis mujeres gallegas y cinco de Cerdeña, lugar de nacimiento de la artista. Heroínas anónimas que pueden ser nuestras abuelas, madres, hermanas. Nos hablan de arte, cultura, migración, tradiciones, roles y creencias.



ELAS CONTAN. Vídeo instalación. 2016. Medidas variables. // ELLA CUENTAN, Vídeo instalación. 2016. Medidas variables.



PODER VER VER PODER. Vídeo instalación. 2018. Medidas variables. // PODER VER VER PODER. Vídeo instalación. 2018. Medidas variables.

Ao percorrido principal súmase un segundo camiño paralelo e entrecruzado contestando persoalmente á pregunta “E ti de quen vés sendo?”. Con obras como “ANTES E DESPOIS” e as inéditas “EU + TI” e “TI + EU” preséntase e mostra as súas raíces: a súa primeira referencia feminina (NAI) e masculina (PAI).

A presenza e a ausencia relaciónanse en toda a obra proposta co poder. Exemplo claro deste tema son as pezas “PODER VER VER PODER”, “PRESENZA AUSENCIA AUSENCIA PRESENZA”, “MARUJA MALLO E EDINA ALTARA, O TEU BALEIRO É A MIÑA AUSENCIA, A TÚA MEMORIA É A MIÑA PRESENZA” que quere rescatar as mulleres silenciadas, referentes que a artista botou en falta durante a súa nenez e “CAZA”, unha reflexión persoal sobre a morte da obra a favor das leis do mercado da arte.

A exposición quere chegar a todos os públicos para fomentar a igualdade, por iso pretende ser un espazo aberto e dinámico, unha maneira sinxela de reflexionar, informar e sensibilizar.

Al recorrido principal se suma un segundo camino paralelo y entrecruzado contestando personalmente a la pregunta “¿Y tú de quién eres?”. Con obras como “ANTES Y DESPUÉS” y las inéditas “YO + TÚ” y “TÚ+YO” se presenta y muestra sus raíces: su primera referencia femenina (MADRE) y masculina (PADRE).

La presencia y la ausencia se relacionan en toda la obra propuesta con el poder. Ejemplo claro de este tema son las piezas “PODER VER VER PODER”, “PRESENZA AUSENCIA AUSENCIA PRESENZA”, “MARUJA MALLO Y EDINA ALTARA, TU VACÍO ES MI AUSENCIA, TU MEMORIA ES MI PRESENCIA” que quiere rescatar a las mujeres silenciadas, referentes que la artista ha echado en falta durante su niñez y “CAZA”, una reflexión personal sobre la muerte de la obra de arte a favor de las leyes del mercado del arte.

La exposición quiere llegar a todos los públicos para fomentar la igualdad, por eso pretende ser un espacio abierto y dinámico, una manera sincera de reflexionar informar y sensibilizar.



MARUJA MALLO, da serie *O teu baleiro é a miña ausencia, a túa memoria é a miña presenza*. Díptico. Técnica Mixta (espejo styroglass, pigmentos, pan de ouro e luz). 2017. Medidas variables. // MARUJA MALLO, da serie *Tu vacío es mi ausencia, la tua memoria es mi presencia*. Díptico. Técnica Mixta (espejo styroglass, pigmentos y pan de oro y luz). 2017. Medidas variables.

MONICA MURA (Cagliari 1979).

Artista interdisciplinar. Dottoranda magistrale in Discipline dell'Arte, della Musica e dello Spettacolo con la especialidade en Linguaggi Multimediali pola Università degli studi di Torino UNITO, Torino (IT). Realizou accións e mostras individuais e colectivas entre España, Italia e Portugal (Museo Thyssen- Bornemisza de Madrid, MAC da Coruña, Museu José Malhoa de Caldas da Raiña. entre outras). Participou en proxectos de loita contra a violencia de xénero (Mulleres en acción, Museo de Pontevedra e Casa das Artes de Vigo (ES), *Non máis sabas tinguidas*, Ribadavia (ES), *Non una di Meno* (IT), etc.). Recibiu recoñecementos e premios, e foi seleccionada grazas á súa obra 'Sas Diosas' polo Museo Thyssen- Bornemisza para formar parte de *Nos+Otras: en Rede 2015-2017*, un proxecto de EducaThyssen, *Mención de Honor no 8º Premio Iberoamericano de Educación e Museos*. A súa obra forma parte de coleccións públicas e privadas como os fondos do Museo Provincial de Lugo. Forma parte da asociación MAV *Mujeres en las Artes Visuales* e do *Comité Científico do Congreso de Xéneros, Museos, Arte e Educación de RML*. Foi seleccionada no *Concurso Intervencións Artísticas de XX Bienal De Arte de Cerveira 2018* (PT) e formará parte de *Biennale dei Genova "Other Identity" 2019* (IT).

Reivindico a liberdade.

Creo no poder da creación como motor de transformación en todos os aspectos, desde os máis creativos aos máis prácticos e cotiáns. Entendo a arte como un diálogo no que interactúo coas persoas por medio das miñas obras. O meu traballo está relacionado coa valorización e a superación dos seres humanos: investigo a predisposición do individuo para facerse máis belo e máis forte a través da súa fragilidade e da súa capacidade de recuperación. Exploro e estímulo as emocións propondo xestos e accións que buscan reaccións para impulsar o crecemento. Intento construír unha nova memoria colectiva transformando as historias persoais en Historia. Para facelo emprego a metáfora: busco as conexións entre o íntimo e público e o privado e global. Utilizo a sinerxía entre artes clásicas e modernas, que se funden en novas combinacións de disciplinas tradicionalmente independentes como a pintura, a fotografía, o vídeo, a escultura, a performance, a paisaxe sonora e a instalación para dar vida a obras que queren rompen barreiras no tempo e no espazo. Consciente ademais de que a realidade actual está impulsada pola omnipresencia da internet, tento entender e reflectir os procesos de cambio sociocultural en constante transformación prestando particular atención ás novas formas de identidade, reais e virtuais, que se ven influenciadas pola cultura dixital e pola liberación da información. As miñas obras forman parte de proxectos artísticos amplos en continuo proceso de evolución. Como organismos vivos, creo que cada unha ten unha personalidade complexa que vai máis aló da miña vontade como autora. Unha identidade que segue as leis do libre albedrío e que está por encima da materia mesma.

Monica Mura

MONICA MURA (Cagliari 1979).

Artista interdisciplinar. Dottoranda magistrale in Discipline dell'Arte, della Musica e dello Spettacolo con la especialidad en Linguaggi Multimediali por la Università degli studi di Torino UNITO, Torino (IT). Ha realizado acciones y muestras individuales y colectivas entre España, Italia y Portugal (Museo Thyssen-Bornemisza de Madrid, MAC de A Coruña, Museu José Malhoa de Caldas da Raiña. entre otras). Ha participado en proyectos de lucha contra la violencia de género (Mulleres en acción, Museo de Pontevedra y Casa das Artes de Vigo (ES), *Non máis sabas tinguidas*, Ribadavia (ES), *Non una di Meno* (IT), etc.). Ha recibido reconocimientos y premios, y ha sido seleccionada gracias a su obra 'Sas Diosas' por el Museo Thyssen-Bornemisza para formar parte de *Nos+Otras: en Red 2015-2017*, un proyecto de EducaThyssen, *Mención de Honor en el 8º Premio Iberoamericano de Educación y Museos*. Su obra forma parte de colecciones públicas y privadas como los fondos del Museo Provincial de Lugo. Forma parte de la asociación MAV *Mujeres en las Artes Visuales* y del *Comité Científico del Congreso de Xéneros, Museos, Arte e Educación de RML*. Ha sido seleccionada en el *Concurso Intervenciones Artísticas de XX Bienal De Arte de Cerveira 2018* (PT) y formará parte de *Biennale di Genova "Other Identity" 2019* (IT).

Reivindico la libertad.

Creo en el poder de la creación como motor de transformación en todos los aspectos, desde los más creativos a los más prácticos y cotidianos. Entiendo el arte como un diálogo en el que interactúo con las personas por medio de mis obras. Mi trabajo está relacionado con la valorización y la superación de los seres humanos: investigo la predisposición del individuo a hacerse más bello y más fuerte a través de su fragilidad y de su capacidad de recuperación. Exploro y estímulo las emociones proponiendo gestos y acciones que buscan reacciones para impulsar el crecimiento. Intento construir una nueva memoria colectiva transformando las historias personales en Historia. Para hacerlo empleo la metáfora: busco las conexiones entre lo íntimo y público y lo privado y global. Utilizo la sinergia entre artes clásicas y modernas, que se funden en nuevas combinaciones de disciplinas tradicionalmente independientes como la pintura, la fotografía, el vídeo, la escultura, la performance, el paisaje sonoro y la instalación para dar vida a obras que quieren rompen barreras en el tiempo y en el espacio. Consciente además de que la realidad actual está impulsada por la omnipresencia de internet, intento entender y reflejar los procesos de cambio sociocultural en constante transformación prestando particular atención a las nuevas formas de identidad, reales y virtuales, que se ven influenciadas por la cultura digital y por la liberación de la información. Mis obras forman parte de proyectos artísticos amplos en continuo proceso de evolución. Como organismos vivos, creo que cada una tiene una personalidad compleja que va más allá de mi voluntad como autora. Una identidad que sigue las leyes del libre albedrío y que está por encima de la materia misma.

Monica Mura

IGREXA DA COMPAÑÍA (USC)

Praza da Universidade, Santiago de Compostela.

Sala de exposicións:

aberto de martes a domingo de 16 a 20 h (luns pechado)

VISITAS GUIADAS PARA GRUPOS (reservas):

t. 881 812 682 // t. 981 307 046

monicamura.art@gmail.com // info: www.monicamura.com

COLABORA

Facultade de Ciencias da Comunicación



VICERREITORÍA DE COMUNICACIÓN,
CULTURA E SERVIZOS